

TEMA 2: Marco xurídico da mediación escolar

Obxectivos:

- Coñecer as bases xurídicas da mediación escolar a nivel internacional.
- Examinar as bases legais estatais sobre a mediación escolar.
- Analizar a lei e o decreto que regulan aspectos da mediación na Comunidade Autónoma.

Contidos:

- Marco legal internacional:
 - Os dereitos do neno.
 - O marco xurídico europeo.
- Marco legal estatal.
 - A Constitución.
 - A LOE-LOMCE
- Marco legal autonómico:
 - A Lei 4- 2011 de convivencia.
 - O Decreto 8-2015

Indicadores de avaliación:

- Coñecer as base legais da mediación escolar.
- Enumerar a presenza do recurso á mediación na lexislación estatal.
- Describir a presenza dos servizos de mediación da normativa galega.

1. ÍNDICE DE CONTIDOS

- A. Marco legal internacional:
 - Os dereitos da infancia.
 - O marco xurídico europeo
- B. Marco legal estatal
 - a. A Constitución.
 - b. A LOE-LOMCE
- C. Marco legal autonómico:
 - a. Estatuto de autonomía
 - b. Lei 4- 2011 de convivencia.
 - c. Decreto 8-2015

Tema 2: O marco xurídico.

Ao longo deste **tema 2**:

- Analizaremos as liñas de actuación que se propoñen a nivel internacional para a abordase dos problemas de convivencia escolar.
- Repasaremos a presenza da idea de mediación na lexislación estatal.
- Revisaremos a lexislación autonómica galega en materia de convivencia escolar

Intentando facer unha **breve síntese de como se percibe a situación actualmente** podemos dicir que:

- Os problemas de convivencia, na súas distintas manifestacións, incrementáronse sensiblemente nos contextos escolares.
- Estas situacións son sinaladas polo profesorado como un dos motivos de malestar docente.
- Existe, por todo iso, unha demanda das Comunidades Escolares para que se busque solución a esta problemática e que se reflicte nas demandas de asesoramento e apoio técnico solicitado polo profesorado, ou na creación de estruturas e plans que intentan abordar a situación.

Sccción A: O marco legal internacional.

No ámbito internacional existen diferentes leis e políticas orientadas a protexer os dereitos dos xoves no ámbito escolar. Neste marco xurídico existe un mandato expreso para que tódolos países activen as medidas necesarias para protexer aos nenos/as e adolescentes contra calquera tipo de violencia e en particular coidar que as institucións escolares sexan lugares seguros para eles e elas.

Os países están obrigados a prever e actuar ante as posibles situacións de violencias nas escolas, así como, a promoción de culturas de paz e convivencia.

Como marco xurídico e político relevante ao que facemos referencia a nivel internacional destaca:

- *A Convención sobre os Dereitos do Neno (CND)* é un tratado internacional que recolle os dereitos da infancia e é o primeiro instrumento xuridicamente vinculante. O texto foi aprobado pola Asamblea Xeral de Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e entrou en vigor o 2 de setembro de 1990.

O artigo 19, contén un mandato expreso para a protección dos nenos, nenas contra calquera tipo de violencia que define como “ toda forma de prexuízo oa abuso físico ou mental, descuido ou trato negligente, malos tratos ou explotación ...”, neste sentido, a violencia é unha vulneración ao dereito a estar protexido de calquera dano.

É obriga dos Estados protexer aos nenos e nenas de todas formas de malos tratos, perpetrado polos pais, nais ou calquera outra persoa responsable do seu coidado, e establecer medidas preventivas de tratamento ao respecto.

- No ámbito europeo hai tamén suficientes coñecementos e referencias normativas. Facendo un breve repaso, destacaríamos:
 - ✓ O Tratado de Maastrich (1992) e o correspondente artigo 149 do tratado de Ámsterdam (1997) que sinalan a seguridade na escolas como fundamental para garantir unha ensinanza de calidade.
 - ✓ A iniciativa europea de Cooperación sobre a seguridade nas escolas, dentro do programa SÓCRATE. No ámbito desta iniciativa desenvolvéronse numerosos programas dirixidos a diversos axentes (profesorado, alumnado, familias, asociación, etc). Estes programas tiñan como obxectivo intercambiar información e experiencias entre os estados membros da Unión Europea.
 - ✓ A carta de recomendación 12 (2002) do Comité de Ministros do Consello de Europa, na que pide que fagan da educación para a cidadanía democrática un obxectivo prioritario das políticas educativos dos estados membros.

En **conclusión** as principais liñas de actuación da política europea sobre este tema centrarse nos seguintes aspectos:

- Elaborar plans específicos e contextualizados, logo dunha análise das características e culturas de cada país.
- Abordar de forma prioritaria a violencia entre iguais.
- Actuar de maneira colaborativa entre a escola e outras entidades locais ou nacionais, con obxectivo de xerar sinerxías

- Favorecer a creación dun clima escolar positivo, cooidando aspectos como : as normas de convivencia, a formación en valores, o traballo da titoría ou a resolución de conflitos, etc.
- Potenciar a formación do profesorado.

Sección B: O marco xurídico estatal.

Neste apartado, comezaremos por citar antecedentes, facendo un breve recorrido histórico polas leis educativas desde a constitución de 1978.

Seguiremos coa análise detallado das normas en vigor: a Ley Orgánica de Educación de 2006 (LOE) e as modificacións recollidas na LOMCE, exminando o particular tratamento da convivencia, da resolución de conflitos e da mediación.

ESQUEMA DO MARCO XURÍDICO NACIONAL

B.1. A Constitución e outras referencias legais.

A constitución de 1978.

As aportacións que fai a Constitución de 1978, en relación co tema da convivencia, están contenidas no artigo 27:

1. Todos teñen dereito á educación. Se recoñece a liberdade de ensinanza.
2. A educación terá por obxeto o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o respecto aos principios democráticos de convivencia, aos dereitos e liberdades fundamentais

Desde a constitución ata 1990, en que é aprobada a LOXSE, publícanse unha serie de leis no ámbito educativo, que tocan moi lateralmente o tema da convivencia escolar

- **A Ley Orgánica pola que se regula O Estatuto de Centros Escolares 1980 (LOECE)**

É a primeira lei do período constitucional, proposta pola

Unión de Centro Democrático (UCD), pero este intento debido á falta de consenso entre as forzas políticas, ocasiona que sexa recurrida ante el Tribunal Constitucional e nunca chegará a implantarse.

- **Lei Orgánica do Dereito á Educación de 1985 (LODE)**

Crea un modelo máis participativo, co nacemento dos Consellos Escolares, das asociacións de pais de alumnos (APAS) e a elección da dirección dos centros pola comunidade escolar.

En canto aos dereitos e os deberes básicos do alumnado, recollidos nesta lei destacamos as referencias que aparecen nos [artigos 6.2 e 42.1.d.](#)

- **A Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo de 1990 (LOXSE)**

Establece como fins:

- A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos e o desenvolvemento dos nenos e nenas das capacidades dirixidas ao exercicio da tolerancia, a liberdade e a solidariedade.
- A parte, dúas cuestións importantes recollíanse neste lei:
 - O cambio do rol do profesorado, que pasa de mero transmisor de conceptos, a transmitir igualmente actitudes valores e normas.
 - A presenza dos temas transversais, entre os que destacan os máis vinculados á convivencia como son Dos denominados Educación para a paz e Educación cívica e moral.

- **Real decreto 732/1995 sobre dereitos e deberes do alumnado e normas de convivencia**

Crea a Comisión de Convivencia coa funcións de resolver e mediar os conflitos e canalizar iniciativas de mellora da convivencia. (Art. 6)

- **A Lei Orgánica de participación, avaliación e goberno dos centros 1995 (LOPEG).**

Atribúe ao Consello Escolar a función de resolver conflitos e impoñer correccións e a director/a a función de favorecer a convivencia.

- **A Lei Orgánica de calidad da educación do 2002 (LOCE)**

Respecto a resolución de conflitos, establece como unha das atribucións do/a director/a a da resolución dos mesmos.

B.2 . A LOE-LOMCE

O marco normativo estatal en materia de resolución de conflitos e mellora da convivencia está constituído principalmente pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (LOE) e a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), en vigor desde o 30 de decembro do 2013, que fai mención expresa á necesidade de traballar a educación para a convivencia.

Dentro do seu articulado, atopamos que a LOE-LOMCE dedica varios dos seus artigos á prevención e resolución de conflitos, incluíndo a mención expresa **á mediación**. A parte, aparecen numerosas referencias en distintos apartados do seu desenvolvemento normativo:

- Na declaración de principios: *“A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida personal, familiar e social” (art.1.k).*
- Tamén recolle como fin *“A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e a solidariedade entre os pobos [...] (art 2.1.e).*
- Por outra parte, nos obxectivos que se establecen como grandes metas a alcanzar en todas as etapas educativas se insiste nos relacionados coa educación das capacidades de relación interpersoal e inserción social e na adquisición de habilidades para a resolución de conflitos,

O capítulo dedicado á autonomía dos centros, recolle a necesidade de que:

- O Proxecto Educativo (PE) recolla os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación, así como o plan de convivencia.
- Respecto ás **competencias dos órganos colexiados de goberno** e de coordinación docente dos centros públicos en materia de xestión de conflito establece que:

✓ O Consello Escolar do centro terá como competencias:

- coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á

- normativa vixente;
 - propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.
- ✓ O Claustro de Profesores, terá a competencia de coñecer a resolución de conflitos disciplinarios, así como, a de propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
 - ✓ O/a director/a debe garantir o cumprimento das leis, favorecer a convivencia centro, e garantir a mediación na resolución dos conflitos (art. 132. f),

Podemos concluír do anteriormente exposto, que a LOE-LOMCE, aínda que fai referencia a necesidade de abordar a xestión da convivencia dos centros, non fai precisións con respecto ás medidas e iniciativas a adoptar en materia de alternativas de resolución de conflitos; nin tampouco con relación á forma de abordar a mediación escolar.

Sección C: O marco xurídico autonómico.

A normativa existente está ordenada en base a dúas referencias legais:

- *A Lei autonómica 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*
- *O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

C.1: A Lei 4/2011 de convivencia e participación da Comunidade Educativa

Nesta lei, aparecen xa de forma expresa referencias á mediación escolar:

- Xa desde o apartado VI de exposición de motivos, que alude aos protocolos para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, cando di:

“ Entre esas medidas estará necesariamente a designación pola persoa titular da dirección do centro ou

titular do centro concertado dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, para garantir o dereito dela á protección integral que esta lei lle recoñece, sen prexuízo da intervención dunha **mediación máis profesional** no caso de que a situación presente unha gravidade especial”.

- O apartado destinado a definir os fins desta normativa, recolle como un deles, o de promover a resolución pacífica dos conflitos (art. 3. f).
- Aínda que non atopamos no texto da lei, unha definición de mediación. Sen embargo, no art. 8. g, si que se matiza que o profesorado terá o dereito a *“acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.”*
- No artigo 10, indica que o Proxecto Educativo de cada centro, debe incluír o plan de convivencia e que o debandito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo **a mediación na xestión dos conflitos**.
- Atribúese, así mesmo, á función de **mediación ao alumnado do centro**, que teña formación e cualificación para a intervención en situacións de acoso escolar, consideradas como menos graves, (art.30.2.d).

C.2. O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar:

No Decreto aparecen varias referencias ó término mediación:

- A primeira no apartado II do preámbulo, cando referíndose ao plan de convivencia propón que: “ o dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e

establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a **mediación na xestión dos conflitos**, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras”.

- No artigo 6.e, indica que a comisión de convivencia propoña, de ser o caso, á *persoa titular da dirección do centro ás persoas que poidan formar parte do equipo de mediación*”.

- No artigo 8.b, indícase que o equipo directivo debe:
 - ✓ “ *Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto*”.
 - ✓ “ *Promover o **exercicio da mediación** que se leve a cabo no centro*”.

- No artigo 11, 2, establece que: “ *O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a **mediación na xestión dos conflitos**, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras*”.

- No artigo 12,f, referente aos obxectivos xerais do plan de convivencia propónse : “Facilitar a conciliación ou a **mediación** para a resolución pacífica dos conflitos.

- Así mesmo no art. 15.4, propón: “ Medidas que se poden aplicar no centro para prever, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, entre as cales se incluírán os compromisos de convivencia, as actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflictividade e a conciliación ou mediación na resolución dos conflitos que poidesen xurdir, de conformidade co establecido neste decreto.

- No decreto, aparece un artigo específico dedicado á mediación escolar ([art.26](#)). Nel faise unha definición da mesma e recoméndase que no plan de convivencia se inclúan as directrices para a creación dos equipos de mediación escolar. Destácase a mediación como estratexias preventiva, resolutiva

e reparadora.

- ✓ *Estratexia preventiva* para evitar que certos conflitos aparezan e logo sexa necesario aplicar algún tipo de sanción. É esperable que a mediación desplegue accións para evitalos.
 - ✓ *Estratexia resolutivo* para tratalos de forma pacífica e dialogada.
 - ✓ Vía reparadora, xa que a mediación supón unha oportunidade de reconstrucción e reconciliación, abrindo unha traxectoria distinta na relación interpersonal.
- Finalmente, no apartado orientado a regular o inicio do procedemento de corrección das condutas problemáticas sinala que:
- ✓ “A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, **mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar**. En todo caso, corresponderá aos centros educativos concretar nas normas de organización e funcionamento do centro e os criterios polos que se realizará a dita designación (art. 47.4).

En resumo, a mediación proponse na normativa galega como un bo método para a resolución constructiva e pacífica dos conflitos. O cal non supón que substitúa ao conxunto de normas e outras medidas que elabore o centro escolar e que estarán recollidas no Plan de convivencia.